



CRITERIOS DE PROMOCIÓN, TITULACIÓN E MATRÍCULA DE HONRA

Cráterios de promoción, titulación e mención de matrícula de honra aprobados en Claustro Ordinario e en Consello Escolar Ordinario o día 7 de abril de 2022

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Normativa

- [ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.](#)

Condicións de promoción

Situación académica final de curso	Posibilidades de promoción
Supera a totalidade das materias	Promociona ao seguinte curso
Ata dúas materias non superadas (incluíndo posibles materias pendentes de cursos anteriores)	Promociona ao seguinte curso coas materias pendentes
Tres ou mais materias non superadas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco	Posibilidade de promoción según criterios do Anexo I e valoración positiva do Equipo Docente
Tres ou mais materias non superadas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico inferior a cinco	Non promociona

Condicións de titulación

Situación académica final de curso	Posibilidades de titulación
Supera a totalidade das materias	Titulación
Unha ou mais materias non superadas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco	Posibilidade de titulación según criterios do Anexo I e valoración positiva do Equipo Docente
Unha ou mais materias non superadas con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico inferior a cinco	Non titula

Cráterios para concesión de matrícula de honra

Anexo III



BACHARELATO

Normativa

- [ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.](#)

Condicións de promoción

Situación académica final de curso	Posibilidades de promoción
Supera a totalidade das materias	Promociona ao seguinte curso
Ata dúas materias non superadas (só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura)	Promociona ao seguinte curso coas materias pendentes
Tres ou mais materias non superadas	Non promociona

Condicións de titulación

Situación académica final de curso	Posibilidades de titulación
Supera a totalidade das materias	Titulación
Unha materia non superada con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. (Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada)	Posibilidade de titulación según criterios do Anexo II e valoración positiva do Equipo Docente
Dúas ou mais materias non superadas	Non titula

Criterios para concesión de matrícula de honra

Anexo III



ANEXO I

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

No caso de que un/ha alumno/a non teña avaliación positiva en tres ou mais materias, con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico **igual ou superior** a cinco, o equipo docente do/a alumno/a poderá aprobar a promoción dese alumno/a sempre que se cumpran os seguintes puntos:

1. O equipo docente do/a alumno/a estima (por votación) que ten expectativas favorables de recuperación das materias non superadas.
2. O equipo docente do/a alumno/a considera (por votación) que a promoción supón un beneficio para a evolución académica do/a alumno/a.
3. O equipo docente do/a alumno/a considera (por votación) que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

Para que unha votación se considere aprobada debe alcanzarse a maioría simple (a metade mais un) dos membros do equipo docente do/a alumno/a



CRITERIOS DE TITULACIÓN

No caso de que un alumno/a non teña avaliación positiva nunha ou mais materias, con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico **igual ou superior** a cinco, o equipo docente poderá aprobar a titulación dese/a alumno/a sempre que se cumpran os seguintes puntos:

1. O equipo docente do/a alumno/a estima (por votación) que a alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos da etapa.
2. O equipo docente do/a alumno/a considera (por votación) que a alumna ou o alumno adquiriu as competencias establecidas.

Para que unha votación se considere aprobada debe alcanzarse a maioría simple (a metade mais un) dos membros do equipo docente do/a alumno/a



ANEXO II

CRITERIOS DE TITULACIÓN

No caso de que un/ha alumno/a non teña avaliación positiva nunha materia, con media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas (que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata) **igual ou superior** a cinco, o equipo docente do/a alumno/a poderá aprobar a titulación dese/a alumno/a sempre que se cumpran os seguintes puntos:

1. O equipo docente do/a alumno/a estima (por votación) que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados ao título de Bacharelato.
2. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
3. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do/a alumno/a na materia, segundo os seguintes criterios:

Faltas de asistencia inxustificadas por materia (Por avaliación)			
Horas semanais por materia	Número de faltas sen xustificar		
1 h	3	6	9
2 h	7	11	15
3 h	11	16	21
4 h	14	21	27
5 h	18	27	34
Medida	1ª amonestación por escrito e traballo asignado polo profesor/a	2ª amonestación por escrito, expulsión de tres días e aviso de abandono de materia	Abandono de materia Inasistencia continuada (Punto 3)

Para que unha votación se considere aprobada debe alcanzarse a maioría simple (a metade mais un) dos membros do equipo docente do/a alumno/a



ANEXO III

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

Segundo a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*:

Matrícula de honra ESO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado no IES Santa Irene son os seguintes:

- Mellor nota media global na ESO

En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

1. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 4º da ESO
2. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 4º da ESO
3. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 3º da ESO
4. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 3º da ESO
5. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 2º da ESO
6. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º da ESO
7. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º da ESO
8. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da ESO
9. En caso de empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou tutores legais dos mesmos. Estarán presentes os tutores ou titoras de 4º da ESO e o secretario do centro, quen levantará acta.



Matrícula de honra Bacharelato

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de segundo de bacharelato, obtivesen unha nota media do bacharelato igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo de bacharelato. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado no IES Santa Irene son os seguintes:

- Mellor nota media global no Bacharelato

En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:

1. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 2º de Bacharelato
2. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º de Bacharelato
3. Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º de Bacharelato
4. Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da Bacharelato
5. En caso de empate, farase un sorteo público. Ao sorteo asistirá convocado pola Xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra podendo asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 2º da Bacharelato e o secretario do centro, quen levantará acta.